

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE LABORATORIO/GRUPO IV BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL DE PROXECTOS ESPECÍFICOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA

Rematadas as fases do proceso selectivo anunciado no *Diario Oficial de Galicia* (número 197, do 15 de outubro), para a contratación temporal de dous/dúas auxiliares de laboratorio/grupo IV baixo a modalidade contractual de proxectos específicos de investigación científica e técnica, e de acordo coa proposta da Comisión de Selección e o Consello de Administración de Xenética Fontao, S.A. na súa reunión do 27 de novembro de 2015,

RESOLVO

Contratar como auxiliar de laboratorio Grupo IV para a participación no Proxecto de ANÁLISE DA ESTRUTURA XENÉTICA DA POBOACIÓN DAS RAZAS BOVINAS AUTÓCTONAS DE GALICIA, A OVELLA GALEGA, A CABRA GALEGA, O CABALO DE PURA RAZA GALEGA E O PORCO CELTA, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DA BIOTECNOLOXÍA DO ADN, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), a:

- Sandra Loureiro Rivas (DNI: 33550739H)
- Rocío González Castedo (DNI: 33341237T)

Contra a resolución da convocatoria os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A., nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contenciosoadministrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo

Lugo, 27 de novembro de 2015

A presidenta do Consello de Administración de Xenética Fontao, S.A.

Patricia Ulloa Alonso

